



**INFORME SOBRE A XUSTIFICACIÓN DAS OFERTAS ECONÓMICAS
PRESENTADAS POLAS EMPRESAS “CIVIS GLOBAL, S.L.U.” e “MANUEL RIVAS
BOQUETE, S. L.” PARA A OBRA DENOMINADA “ACONDICIONAMENTO DAS
RUAS HUMBOLDT E LINNEO” (POS+ 2023)**

1. ANTECEDENTES

O día 9 de novembro do 2023 tivo lugar a apertura dos sobres das ofertas correspondentes á licitación da obra denominada “Acondicionamento das rúas Humboldt e Linneo” (incluída no POS+ 2023). Nesta apertura compróbase que as ofertas económicas presentadas por dous dos licitadores incorren na situación de oferta anormalmente baixa (presunción de temeridade).

O órgano de contratación da obra en licitación concedeulle un prazo a estas empresas (“CIVIS GLOBAL, S.L.U.” e “MANUEL RIVAS BOQUETE, S. L.”) para que xustificasen as ofertas presentadas.

Polas referidas empresas, dentro do prazo concedido, presentouse a documentación que consideraron oportuna para xustificar as súas ofertas.

Remitida a este servizo técnico a xustificación presentada, para a emisión de informe ao efecto, con base nos criterios establecidos no artigo 149 da LCSP, así como no Regulamento xeral de dita lei, así como no establecido no PCAP aprobado para esta licitación (Prego tipo da Deputación da Coruña, por tratarse dunha obra incluída no POS+ 2023), infórmase o seguinte:

O orzamento de licitación da obra ascende á cantidade de 480.830,50 € (I.V.E. incluído).

A oferta económica xustificada por CIVIS GLOBAL, S.L.U. ascende a 448.085,94 € (I.V.E. incluído), o que supón unha baixa porcentual do 6,81 %, con respecto ao orzamento de licitación.

A oferta económica xustificada por MANUEL RIVAS BOQUETE, S.L. ascende a 451.980,00 € (I.V.E. incluído), o que supón unha baixa porcentual do 6,00 %, con respecto ao orzamento de licitación.

Segundo o establecido na cláusula 15.4.2. do Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que deberán de rexer para contratar mediante procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, que é o que rexe nesta licitación por tratarse dunha obra incluída no POS+ 2023:

Consideraranse, en principio, como anormalmente baixas as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

- *Número de ofertas: 1. A oferta resulta anormalmente baixa se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 4% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 4%*
- *Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormalmente baixos se é inferior a outra en máis dun 3%*
- *Número de ofertas: 3. As ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 2% desta media. En todo caso, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas anormalmente baixas todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 2%*
- *Número de ofertas: 4 ou máis. As ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 1% desta media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media soa coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.*

No caso que nos ocupa, atopámonos no suposto de 3 ofertas presentadas, sendo de aplicación para a determinación da situación de ofertas anormalmente baixas o parágrafo que indica que, *en calquera caso, consideraranse ofertas anormalmente baixas todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 2%.*



A xuízo deste servizo técnico, o criterio establecido para a consideración da totalidade das ofertas presentadas en situación de temeridade (ofertas anormalmente baixas) carece de toda lóxica, tendo en conta que, por unha parte, se nos atopásemos no suposto de unicamente 2 ofertas presentadas ou no suposto de 4 ou máis, dito criterio xa non sería de aplicación; por outra parte, as baixas medias das últimas licitacións superaron o 2% en numerosos casos e, aínda así, os adxudicatarios executaron as obras sen ningún tipo de problema.

As baixas ofertadas na presente licitación, oscilando entre o 0,50% e o 6,81%, parecen baixas razoables, establecéndose a media nun 4,44%, o que se considera totalmente asumible para unha correcta execución posterior das obras.

Por outra banda, seguindo o establecido na lexislación e no PCAP (cláusula 15.4.4):

“Os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormalmente baixos, dentro do prazo concedido para o efecto deberán presentar para xustificar a oferta, por medios electrónicos, e asinada electronicamente, a seguinte documentación:

1. *Xustificación de prezos ofertados:*

A. Materiais

A.1 Compra

- *Carta de compromiso dos provedores*
- *Prezos unitarios detallados*

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares

- *Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público*

B. Maquinaria

B.1 Alugamento e/ou contratación

- *Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos.*

B.2 Medios propios

- *Relación detallada da maquinaria*

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.

2. *Volume de obra:*

Neste caso deberá xustificar a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. *Relación entre custo laboral fixo e volume de obra contratada:*

Xustificarse mediante a achega da nómina e Boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación e declaración do volume de obra contratada.

4. *Cumprimento de obrigacións salariais.*

Presentarse declaración e xustificación de cumprimento de obrigacións salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos.

5. *Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.”*

2. **CONTIDO DAS XUSTIFICACIÓNS DAS OFERTAS E VALORACIÓN DAS MESMAS**

A totalidade dos licitadores presentaron, tralo requirimento do órgano de contratación e dentro do prazo concedido, a documentación que consideraron oportuna para xustificar as súas ofertas.



CONCELLO DE
OLEIROS

> OBRAS PÚBLICAS

Polo licitador CIVIS GLOBAL, S.L.U. presentouse unha única páxina na que se limita a indicar que procederon a analizar as razóns polas que poden chegar a ser máis competitivos que outros licitantes; que efectuaron unha análise da documentación facilitada no Prego de Bases dla licitación e no Proxecto, contrastada cunha visita á zona de obras, a partir das cales procederon a estudar a valoración económica do orzamento e solicitaron ofertas aos seus provedores, ampliada a provedores da zona de recoñecido prestixio, para o 100 % das unidades de obra; que teñen un perfecto coñecemento da zona de implantación da obra e ampla experiencia en obras similares; e que, por todo o exposto, a súa oferta é moi competitiva, tanto en custe directo como en gastos xerais, téndose revisado todos os cálculos numéricos, no téndose detectado ningún error.

Non se incorpora ningunha documentación adicional.

Polo licitador MANUEL RIVAS BOQUETE, S. L. presentáronse tres arquivos electrónicos, cun total de 95 páxinas, incorporando cartas de compromiso dos provedores, prezos unitarios detallados, relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público, relación da maquinaria a empregar, con indicación detallada dos prezos, oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico, xustificación da relación existente entre as obras que ten contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón, así como determinación de como incide esta relación nos prezos ofertados.

Achegáronse tamén boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación e declaración do volume de obra contratada.

Presentouse declaración e xustificación do cumprimento de obrigacións salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos e relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.

Analizado o contido da documentación presentada por cada un dos licitadores, considérase que a xustificación aportada por CIVIS GLOBAL, S.L.U. non se axusta ás exigencias e determinacións da cláusula 15.4.4 do PCAP.

Por contra, a xustificación presentada por MANUEL RIVAS BOQUETE, S. L. cumpre fielmente coas exigencias e determinacións da referida cláusula.

3. CONCLUSIÓNS

En conclusión, con base en tódolos motivos anteriormente expostos, a criterio deste servizo técnico, unicamente **considérase suficientemente xustificada a oferta económica realizada pola empresa MANUEL RIVAS BOQUETE, S. L.** para a licitación da obra de "Acondicionamento das rúas Humboldt e Linneo" segundo o establecido na lexislación e no PCAP, xa que se xustifican de forma obxectiva os puntos estipulados nel en tódolos seus apartados; considerando que **a oferta económica realizada pola empresa CIVIS GLOBAL, S.L.U. non queda adecuadamente xustificada.**

O que se informa aos efectos oportunos, salvo criterio superior en contra.

Oleiros, con data de sinatura dixital
A Enxeñeira Municipal,

Asdo.: Isabel Mª Freire Ramos